

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, E A ACADEMIA GALEGA DE XURISPRUDENCIA E LEXISLACIÓN PARA O ANO 2025

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de Xustiza en virtude do artigo 20 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos contribuír á promoción e desenvolvemento do dereito civil de Galicia.

Antecedentes: A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación é unha entidade adscrita á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia, que ten uns cometidos específicos no campo do estudo e da investigación en materia xurídica. No ano 2025, a consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, como en anos anteriores, contribúe ao financiamento dos gastos derivados da actividade da dita Academia.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2025.

Obxecto: O obxecto do convenio é fixar un marco de actuación que defina os compromisos de financiamento que asume a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes na contribución aos gastos correntes derivados das actividades que realiza a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación e que a citada institución poida continuar desenvolvendo os seus traballos.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación ten por cometido principal o fomento da cultura e investigación, está especialmente dedicada ao estudo do Dereito e, particularmente, do Dereito galego, participando activamente na organización de xornadas xurídicas, seminarios e congresos con tal fin.

A singularidade e especificidade das actividades levadas a cabo, así como a natureza específica da entidade destinataria da subvención xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración, segundo o artigo 26.2 a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Financiamento: Para contribuír ao cumprimento do obxectivo do convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes achegará á Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación a cantidade de TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000,00 €), para financiar os gastos correntes da institución, que se financiarán con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025:

- 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.481.1 (CP 2015 00089)
- 15.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.481.0 (CP 2015 00102)

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

